

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: C.E.I.P SOBREIRA-VALADARES.

CURSO: PRIMARIA.

MATERIA: RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA.

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN

DATA: MAIO/ 2020

A programación da área de Relixión e Moral Católica é una proposta de ensinanza-aprendizaxe concebida para desenvolver na etapa de Educación Infantil e Primaria durante o curso 2019/2020. Esta fundamentada no establecido no novo Currículo de Relixión Católica da Conferencia Episcopal Española.(2013)

1-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

Na área de Relixión e Moral Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1-Identificar e valorar a Creación como acto de amor de Deus ao home.
- 2-Estimar o valor de admirar a natureza.
- 3-Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.
- 4-Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.
- 5-Asimilar o valor da boa educación na súa vida cotiá.
- 6-Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.
- 7-Interiorizar o valor de colaborar coa familia.
- 8-Distinguir os espazos e os tempos sagrados doutros lugares e tempos.
- 9-Describir en que consiste o valor de participar nas festas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1-Coñece, respecta e cuida o obra creada.
- 2-Recoñece actitudes nas que se cuida a Creación.
- 3-Coñece e valora que Deus lle fala a Abrahán e a Moisés para ser o seu amigo.
- 4-Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
- 5-Emprega fórmulas sinxelas de boa educación.
- 6-Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
- 7-Identifica situación nas que colabora coa súa familia.
- 8-Exprasa o respecto ao templo como lugar sagrado.
- 9-Describe en que consiste o valor de participar nas festas.

2º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1-Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.
- 2-Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.
- 3-Coñecer e valorar na vida dos patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.
- 4-Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.
- 5-Recoñecer e interiorizar o valor da amizade.
- 6-Descubrir en que consiste o valor do amor.
- 7-Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.
- 8-Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.
- 9-Descubrir como cada festa cristiá conmemora un acontecemento.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1-Toma conciencia e exprasa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
- 2-Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.

3-Dramatiza momentos da vida dos patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.

4-Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.

5-Enumera formas de practicar a amizade.

6-Identifica a Deus como fonte de amor.

7-Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.

8-Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.

9-Completa a frase sobre a conmemoración dunha festa.

3º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1-Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorno son un don de Deus para a súa felicidade.

2-Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.

3-Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.

4-Recoñecer o valor da humildade.

5-Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.

6-Expresar o significado de “A parábola do bo samaritano”.

7-Descubrir en que consiste o valor de facer o ben.

8-Distinguir como Xesús fai felices os homes a través dos seus xestos e accións.

9-Interiorizar a importancia do valor da solidariedade.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1-Enumera describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.

2-Coñece e describe a misión no relato bíblico.

3-Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.

4-Analiza o seu grao de humildade por medio dun cuestionario.

5-Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.

6-Pon exemplos de persoas que se comportan como o bo samaritano.

7-Identifica pasos que cómpre seguir para facer o ben.

8-Descobre e subliña nos relatos de milagres, os xestos e as accións de Xesús que fan felices os homes.

9-Expresa o sentido do valor da solidariedade.

4º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1-Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.

2-Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.

3-Aprender a recordar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías.

4-Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.

5-Descubrir en que consiste o valor da boa convivencia.

6-Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.

7-Recoñecer o valor do altruismo.

8-Coñecer o significado e o tempo litúrxico da Semana Santa.

9-Describir en que consiste o valor de compartir.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1-Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.

2-Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais.

3-Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa de enviar o Mesías.

4-Analiza comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.

5-Dialoga sobre o tema: Palabras para mellorar a convivencia na miña clase.

6-Busca, subliña e comenta, nos textos evanxélicos, trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.

7-Enumera comportamentos para practicar este valor.

8-Describe o significado dos días máis importantes da Semana Santa.

9-Escribe comportamentos e compromisos concretos para practicar o valor de compartir.

5º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1-Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa con desexo de ben.

2-Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.

3-Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.

4-Recoñecer e interiorizar o valor do compromiso.

5-Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no Decálogo.

6-Valorar un decálogo de normas sobre a responsabilidade.

7-Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.

8-Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.

9-Descubrir en que consiste o valor da sociabilidade.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1-Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros e compañeiras os trazos máis significativos.

2-Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.

3-Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.

4-Adquire compromisos concretos en beneficio dos demais.

5-Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.

6-Selecciona as normas que considera máis importantes para ser responsable.

7-Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.

8-Explica por escrito o significado dalgúns milagres.

9-Escribe comportamentos sociables e responsables que fagan posible unha sociedade xusta, solidaria e dialogante.

6º DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1-Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana se alcanza na relación con Deus.

2-Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana.

3-Saber que expresan os símbolos das relixións.

4-Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.

5-Identificar comportamentos para practicar o valor da comprensión.

6-Distinguir que a través de Xesús encontramos a Deus.

7-Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.

8-Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.

9-Identifica accións solidarias da Igrexa Católica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1-Descobre e explica porque os enterramentos, as pinturas, os ritos e os costumes son signos da relación do home coa divinidad.

2-Ivestiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.

3-Relaciona os símbolos das relixións co seu significado.

4-Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.

5-Explica comportamentos para practicar o valor da comprensión.

6-Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoan.

7-Compara as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos.

8-Contrúe un mapa comparativo das acción de Xesús e as da Igrexa.

9-Investiga en Internet a solidariedade de apadriñar.

2-AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

BASE LEGAL

-Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Segundo se establece na LOMCE e no Artigo 20, Capítulo II da LOE e na Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROCEDEMENTOS

Na avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considérase en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas na “Programación Didáctica” así como as adaptacións metodolóxicas realizadas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais. En todo caso a avaliación do alumnado será continua, global, formativa e integradora ao considerala inseparable do proceso formativo.

Realízase tendo en conta:

-As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.

-As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores (1º/2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre serve para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.

-Análise e valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual de cada alumno/a.

INSTRUMENTOS

-Flexibilización e adaptación dos criterios de avaliación.

-A avaliación inicial como punto de referencia.

-As sesión de avaliación referidas ao 1º e 2º trimestres e o grao de desenvolvemento das competencias básicas de cada alumno/a. A actitude, os protocolos de avaliación dos contidos das distintas unidades, a valoración diaria das actividades do libro, caderno, fichas e actividades plásticas.

-Avaliación do 3º trimestre con carácter diagnóstico e formativo, valorando os avances realizados e os atrasos que se pudesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. E comprobando o grao de retroalimentación entre especialista/alumno.

CUALIFICACIÓN FINAL

Polo anteriormente exposto e considerando en conxunto as avaliacións de todo o curso farase unha media das notas dos dous primeiros trimestres e terase en conta o grao de participación e rendemento nas actividades propostas no terceiro trimestre (este nunca poderá minorar a cualificación obtida polo alumnado na primeira e na segunda avaliación pero sí sumar).

3-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES

As propostas de actividades elaboradas para que o alumnado de primaria que asiste as clases de Relixión Católica continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios son as seguintes:

-Realización periódica de tarefas vinculadas aos estándares de aprendizaxe traballados no 1º e 2º trimestre co obxectivo de reforzalos, recuperar ou ampliar segundo o caso.

METODOLOXÍA

Enviarlle as familias a través do blog de relixión e dos distintos blogues dos titores, de forma periódica tarefas, suxestións e propostas de traballo para o alumnado. O alumnado pode mandar evidencias do seu traballo: creación, produción...etc ao email da especialista para a súa supervisión por parte do docente. Para o alumnado que non ten conectividade, envíaselle o traballo por correo.

MATERIAIS E RECURSOS

Tarefas variadas encomendadas vía Web. Materiais e soportes dos que dispoñen no domicilio: material funxible e dispositivos móbiles.

No referente os recursos: Web do centro, blogues dos titores, teléfono do centro, email da especialista.

4-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Publicación dos contidos curriculares e as tarefas relacionadas con estes contidos nas plataformas educativas: páxina web do cole, blogues dos titores. Contacto co

alumnado e información as familias mediante a comunicación coas ferramentas e plataformas anteriores e mediante o correo electrónico do especialista.